

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONTRATACIÓN, EN RÉXIME DE COPRODUCCIÓN, DUN ESPECTÁCULO TEATRAL NO 2023, A PARTIR DA DRAMATURXIA *BAILAR NO CEO*, DE ANA ABAD DE LARRIVA, ELABORADA DENTRO DA BOLSA DE DRAMATURXIA DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

ANTECEDENTES

1 Con data do 2 de xaneiro, publícase na web da Agadic a Resolución do 2 de xaneiro de 2023, na que se establecen as bases da convocatoria para a selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución co Centro Dramático Galego, dun espectáculo teatral a partir do texto de Ana Abad de Larriva, Bailar no Ceo.

2 Por resolución da dirección da Agadic de 1 de marzo de 2023, noméase a comisión de avaliación encargada de analizar e valorar os proxectos presentados a esta convocatoria.

3 O día 7 de marzo de 2023 constitúese a comisión e celébrase a reunión para a avaliación das propostas recibidas ao abeiro desta convocatoria.

4 A comisión de avaliación, seguindo a base oitava da citada convocatoria, achega ao director da Agadic, o seu acta-informe preceptivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 De acordo coa cláusula oitava das bases reguladoras da convocatoria, instruído o procedemento, á vista do expediente, da documentación requirida e unha vez entregado o informe preceptivo por parte da comisión de valoración, o director da Agadic ditará resolución coa selección do proxecto que acadou a mellor valoración, establecendo unha lista de garda cunha orde de prelación segundo a valoración acadada polos solicitantes.

2 A competencia para a realización das funcións como órgano de contratación correspóndelle ao director da Agadic, de acordo co disposto na Resolución do 24 de xullo de 2012, do Consello Reitor da Agadic, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, DOG do 29 de agosto de 2012, en exercicio das facultades conferidas ao presidente do Consello Reitor pola Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Agadic e o Decreto 150/2012 de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Agadic.

3 A teor da cláusula décima das bases reguladoras da convocatoria, a Agadic comprobará que a entidade seleccionada cumpre con todos os requisitos para poder contratar segundo a normativa vixente e procederá a realizar a adxudicación do contrato privado e posterior formalización do mesmo, no cal constarán as obrigas de ambas as dúas partes.



4 Na acta-informe emitida pola comisión de avaliación valórase favorablemente o proxecto presentado por Alejandro Sobrino Fagilde (Xerpo), con N.I.F. ***0316**, única solicitude presentada ao procedemento de selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, do espectáculo teatral a partir da dramaturxia *Bailar no ceo*, de Ana Abad De Larriva, elaborada dentro da Bolsa de Dramaturxia do CDG. O orzamento do devandito proxecto ascende á cantidade de quince mil euros (15.000,00 €).

5 A achega económica da Agadic no contrato de coprodución que se formalice será, como máximo, de quince mil euros (15.000,00 €), impostos incluídos, a teor do disposto na cláusula décimo segunda das bases reguladoras da convocatoria. En ningún caso esta cantidade será superior ao 80% do orzamento total do proxecto presentado. Tendo en conta o orzamento do proxecto presentado por Alejandro Sobrino Fagilde, a achega da Agadic ascendería á cantidade de doce mil euros (12.000,00 €).

6 Nos orzamentos da Agadic para o 2023 existe crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas derivadas desta resolución.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO

1 Seleccionar o proxecto de Alejandro Sobrino Fagilde (Xerpo), con N.I.F. ***0316** para a contratación, en réxime de coprodución, do espectáculo teatral a partir da dramaturxia *Bailar no ceo*, de Ana Abad De Larriva, elaborada dentro da Bolsa de Dramaturxia do CDG.

2 Ordenar, aos servizos administrativos competentes da Agadic, a realización das actuacións necesarias para a comprobación de que a persoa seleccionada cumpre con todos os requisitos para poder contratar segundo a normativa vixente, e para a adxudicación do correspondente contrato privado por importe de doce mil euros (12.000,00), e posterior formalización do mesmo.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o Presidente do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación na web da Agadic, de acordo co establecido no artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais
Jacobó Sutil Nesta

